

Gasto dos non residentes en Galicia. Primeiro trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No primeiro trimestre de 2010 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 96,9 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no primeiro trimestre de 2010 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 96,9 euros por persoa e día na nosa comunidade, cun gasto total de 61,7 millóns de euros, o que supón arredor do 0,4% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (34,5% do total de gasto) e a restaurantes (32,8%).

Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Primeiro trimestre de 2010

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
Total	61.708	100%
Paquete turístico	5.444	8,8%
Aloxamento	21.266	34,5%
Restaurantes	20.219	32,8%
Comida comercios	406	0,7%
Desprazamentos	5.467	8,9%
Agasallos	4.526	7,3%
Ocio	2.431	3,9%
Outros	1.948	3,2%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron 35,8 millóns de euros, o que supón o 58% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 26,1% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (106,3 euros) e o máis baixo en Ourense (78,7 euros).

Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Primeiro trimestre de 2010

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Galicia	61.708	100,0	96,9
A Coruña	35.787	58,0	106,3
Lugo	6.294	10,2	91,5
Ourense	3.496	5,7	78,7
Pontevedra	16.131	26,1	86,3

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por categoría

O 42,7% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 22,7%, os de 3 estrelas o 21,9% e o 12,7% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (190,8 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 73,9 euros.

Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Primeiro trimestre de 2010

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Total	61.708	100,0	96,9
1 e 2 estrelas	13.993	22,7	73,9
3 estrelas	13.530	21,9	89,0
4 estrelas	26.371	42,7	103,7
5 estrelas	7.814	12,7	190,8

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>